



## O PSdeG de Lugo recibe decenas de correos electrónicos con propostas da militancia para o encontro deste sábado

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
**LUGO**

**Os militantes están convocados mañá a partir das 10.30 na Facultade de Veterinaria para participar na "construción dunha nova etapa" desde Lugo**

O PSdeG de Lugo recibiu durante esta semana decenas de correos electrónicos de militantes e simpatizantes con ideas e propostas para o encontro *Partido Aberto, Goberno Aberto* de mañá, sábado. Todos os militantes poderán pedir a palabra para intervir coa fin de escoitar as súas aportacións e seguir coa folla de ruta da provincia para a construción dunha nova etapa. O secretario xeral lucense, José Ramón Gómez Besteiro, definiu a cita como "unha forma distinta de traballar" para "o reencontro coa militancia como paso previo ao reencontro coa sociedade".

Moitos dos militantes que non poden acudir ao encontro, previsto a partir das 10.30 horas na Facultade de Veterinaria e sen límite horario establecido, e outros que si acudirán, optaron por enviar as súas ideas previamente ao correo electrónico que puxo o partido á súa disposición. Desde o PSdeG de Lugo agradecen a gran acollida e participación e as interesantes aportacións da militancia, así como as felicitacións recibidas tamén desde outras provincias galegas por levar a cabo esta iniciativa. Tamén destacan cartas especiais como algunha dos militantes con máis antigüidade do partido e outras chegadas de fóra de Galicia e de España, como a dun afiliado que escribe desde Bos Aires.

Lugo, 14 de decembro de 2012

Saúdos,  
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo  
[psoeprovinciallugo@gmail.com](mailto:psoeprovinciallugo@gmail.com)